

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

**10822** *Real decreto 469/2021, do 29 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de circulación ferroviaria.*

O Regulamento de circulación ferroviaria, aprobado polo Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, ten por obxecto dispor dunha normativa única que permita unha circulación ferroviaria segura sobre a Rede ferroviaria de interese xeral. Neste sentido, o regulamento adaptou a regulación ao desenvolvemento que tiveron o sector ferroviario e a tecnoloxía nos últimos anos, e incorporou a normativa europea recente. O regulamento requiriu, para a súa aplicación, a adaptación ao seu contido de toda a actividade de explotación, xestión e operación do tráfico ferroviario dos administradores de infraestrutura ferroviaria e das empresas ferroviarias.

No número 8 da súa disposición transitoria única establecíase o denominado «apagamento do ASFA analóxico» e definíanse as datas límite en que resulta aplicable a «Especificación transitoria 1. Sistema de anuncio de sinais e freada automática (ASFA) analóxico» do libro quinto do Regulamento de circulación ferroviaria, co cal se obrigaba a realizar a substitución dos equipamentos embarcados co sistema ASFA analóxicos aínda existentes na Rede ferroviaria de interese xeral polos correspondentes equipamentos embarcados con sistema ASFA dixital.

Na redacción vixente actualmente, o citado «apagamento» está pendente de completarse para a rede de largo métrico, que ten fixada, como data límite, o 1 de xullo de 2021.

As empresas operadoras manifestaron que, durante a realización das probas de fiabilidade e de simulación da explotación cos vehículos a que xa se incorporaron novos equipamentos embarcados conformes coas especificacións de ASFA dixital de largo métrico, detectaron funcionamentos non desexables, que poderían comportar, incluso, problemas de seguridade. Para a súa resolución, as empresas operadoras e os fabricantes dos equipamentos indicaron que requiren dun prazo adicional para buscaren a orixe das disfuncións e resolvelas, tanto nos equipamentos con equipamentos novos xa instalados, como nos que están pendentes de adaptación, así como, se for o caso, solicitaren a adaptación da infraestrutura para mellorar o funcionamento.

Á parte do propio prazo adicional requirido para levar a cabo as accións para a resolución das disfuncións, o período de análise xa está tendo un impacto negativo no ritmo de actualización dos equipamentos embarcados na frota de largo métrico, o que tamén dificulta a consecución do obxectivo temporal marcado polo Real decreto 664/2015, do 17 de xullo.

Por todo o anterior, con independencia de que as empresas operadoras poidan ir realizando o «apagamento» de maneira progresiva en liñas, vehículos ou servizos non afectados polas disfuncións, parece conveniente aprazar a data final establecida no real decreto, para axustala mellor á situación real e evitar efectos non desexados sobre os servizos a partir do 1 de xullo de 2021.

Por todo o anterior, considerouse conveniente promover a modificación do número 8 da disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo.

O real decreto suprime o parágrafo segundo do número 8, xa que fai referencia a un réxime transitorio na circulación co sistema ASFA analóxico que finalizou o 30 de xuño de 2020.

Este real decreto é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas. Do exposto nos parágrafos anterioresponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia, xa que concorren razóns de interese xeral na adopción da norma que se concretan na necesidade de manter o nivel de circulacións ferroviarias dentro dos canons actuais de seguridade. O real decreto é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados, e non contén restricións de dereitos; igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, é coherente co resto do ordenamento e favorece a certeza e claridade deste. En canto ao principio de transparencia, o real decreto foi sometido ao trámite de consulta pública dos eventuais destinatarios. Por último, con respecto ao principio de eficiencia, non se impoñen cargas administrativas.

O artigo 70 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, habilita o Consello de Ministros para aprobar, por proposta do Ministerio de Fomento, actual Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, o regulamento de circulación ferroviaria. Así mesmo, a disposición derradeira terceira da citada lei habilita o Goberno para que adopte as medidas necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

O real decreto someteuse a trámite de consulta pública e someteuse a informe do Consello Nacional de Transportes Terrestres, da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, así como da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa.

O presente real decreto dítase ao abeiro da competencia recollida no artigo 149.1.21.<sup>a</sup>, 24.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma, obras públicas de interese xeral ou cuxa realización afecte máis dunha comunidade autónoma e seguridade pública.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xuño de 2021,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de circulación ferroviaria.*

O número 8 da disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de circulación ferroviaria, queda redactado como segue:

«8. A partir do 1 de xaneiro de 2019 nas liñas de largo ibérico e estándar europeo e do 1 de xullo de 2022 na rede de largo métrico non se admitirá a circulación de trens co sistema ASFA analóxico, e os equipamentos embarcados co dito sistema deben substituírse por outros co sistema ASFA dixital. A partir das datas indicadas anteriormente para cada unha das redes deixará de ser aplicable a «Especificación transitoria 1. Sistema de anuncio de sinais e freada automática (ASFA) analóxico» do libro quinto do Regulamento de circulación ferroviaria.

A obrigaón de dispor de equipamentos embarcados co sistema ASFA dixital non será de aplicación aos vehículos históricos que realicen servizos ferroviarios puntuais de carácter cultural, ou de conservación e difusión do patrimonio histórico, referidos na disposición adicional sexta da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario. Neste caso, as condicións de circulación e a dotación en canto a equipamento e persoal necesarios serán establecidas mediante consigna específica do administrador de infraestruturas, das recollidas no artigo 1.2.1.3 do Regulamento de circulación ferroviaria, logo da achega da pertinente análise de riscos por parte da empresa ferroviaria.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xuño de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana,  
JOSÉ LUIS ÁBALOS MECO